

POTENCIALIDADE DO PROXECTO RÍOS NO ENSINO SECUNDARIO. PRIMEIRA AVALIACIÓN NA AULA

PARENTE ROMERO, LUCÍA

Mestrado Profesorado Secundaria. USC.

SANMARTÍN SÁNCHEZ, PATRICIA

Dpto. de Edafoloxía e Química Agrícola.

Facultade de Farmacia. USC.

FERNÁNDEZ LÓPEZ, LAURA

Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía. IES de Brión.

RESUMO

Desde 2005 a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) desenvolve a iniciativa de educación e voluntariado ambiental Proxecto Ríos que a día de hoxe conta con máis de 300 grupos de participantes e que suman a máis de 3.000 persoas en toda Galiza, que cada ano se mobilizan para coñecer, poñer en valor e conservar os ecosistemas fluviais. Moitos dos grupos participantes neste programa son centros de ensino, dos que un 24% corresponden a Institutos de Ensino Secundario.

O obxectivo deste traballo foi o de avaliar por primeira vez nunha aula de ensino secundario as potencialidades do programa de educación ambiental Proxecto Ríos.

Para iso, foron preparadas unha serie de actividades a desenvolver na aula e no río coas que 1) se avalía como as actividades de Proxecto Ríos melloran a comprensión dos conceptos sobre ecoloxía, 2) se comprende se estas actividades axudan ao coñecemento da contorna favorecendo a aprendizaxe situada, e 3) se examina se son estas actividades un bo xeito para desenvolver a conciencia ambiental no alumnado de secundario (4º da ESO).

Os resultados obtidos indican que o Proxecto Ríos axuda a comprender mellor os conceptos ecolóxicos, favorece a aprendizaxe situada e contribúe en certa medida a incrementar a conciencia ambiental do alumnado.

Palabras clave: *educación ambiental; Proxecto Ríos; saídas de campo; ecosistema; aprendizaxe situada; río; conciencia ambiental.*

BIBLIOGRAFÍA

- PARENTE ROMERO, L. (2017). Adaptación de metodoloxías de avaliación da calidade ambiental no ensino secundario. Potencialidades do Proxecto Ríos. Traballo fin de Mestrado, inédito. Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela.